

Asistentes:

- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente).
- D. Angel Fco. Vilas Fernandez (Vicepresidente 1º)
- D. Juan V. Rodríguez Rey (Vicepresidente 2º).
- Dª Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Tesoureiro)
- D. Jesus Rodriguez Perez (Vogal).
- D. Miguel Reboredo Otero (Vogal)

En Vigo, ás 18:35 horas do 13 de Xaneiro de 2022, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da xunta directiva da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Estudio das competicións 2022.
2. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta reunión, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

1. Estudio das competicións 2022.

Infórmase da recepción de solicitudes de organización dos Campionatos Provinciais 2022 cando a Federación non convoca a organización dos mesmos.

Estúdiase cada solicitude recibida.

Tal e como aprobouse na AXE realizada no mes de Decembro, elimináronse os ritmos de xogo mínimos para poder organizar unha categoría/día e así evitar aglomeracións. Haberá categorías que pola baixa participación, sí que se poderán celebrar no mesmo día.

Debido a esta situación, ningunha categoría tramitarase para elo Fide.

Debido ao aprobado pola Comisión Delegada, os días para a celebración/organización dos Campionatos Provinciais sería o 29 e 30 de Xaneiro; 05, 06, 13 e 20 de Febreiro de 2022.

Para a organización dos Campionatos Provinciais en Lugo, só recibíuse a solicitude da Escola Luguesa.

Para a organización dos Campionatos Provinciais de Ourense, recibíronse dúas propostas: Club Xadrez As Burgas (solicitando a organización de todas as categorías) e do Club Deportivo Xadrez Ourense (solicitando da categoría Sub08 a Sub18).

Tras estudar as dúas propostas, aprobouse por unanimidade otorgar a organización dos Provinciais de Ourense ao Club Deportivo Xadrez Ourense. En canto á organización da categoría absoluta, sería a Federación quen a organizaría, sendo D. Jesús Rodríguez Pérez o encargado da mesma.

Para a organización dos Campionatos Provinciais de A Coruña, tamén recibíronse varias propostas: Circulo Ferrolano de Ajedrez (solicitando todas as categorías), a Escola Xadrez Compostela (solicitando do Sub08 ao Sub16) e o Club de Ajedrez Padrón (Sub18 e Absoluta).

Tras pórse de acordo as entidades solicitantes a organización dos Provinciais de A Coruña quedaría:

- Club de Ajedrez Padrón organizaría da Sub08 á Sub14 (incluída)
- Círculo Ferrolano de Ajedrez organizaría a Sub16, Sub18 e Absoluta.

O Club Xadrez Fontecarmoa, ao non haber ningunha solicitude de organización dos Provinciais de Pontevedra, presenta a súa candidatura para organizalos.

O Sr. Presidente informa que tras recibir o convenio cá SXD, todas as competicións oficiais organizadas pola Federación deberán pór "Campionato Xunta de Galicia..."


2. Outros asuntos e propostas.

O Sr. Presidente informa que tras a compra do material de retransmisión da subvención concedida pola SXD, propón realizar un curso de retransmisión, impartido por D. Ignacio Morera (responsable de retransmisión da FEDA) e así poder componer un grupo encargado de retransmitir as competicións oficiais.

Tras a publicación no DOG por parte da SXD da convocatoria para a adquisición de equipamentos deportivos 2022, apróbese por unanimidade nomear ao Sr. Presidente, D. Gaspar Pérez Carnero, e a Secretaria da Federación Galega de Xadrez, Dª. Raquel Calleja Modia; para esta convocatoria e outras posibles subvencións, en nome e representación da FEGAXA.


Apróbese por unanimidade.

Ao non haber máis asuntos e propostas que tratar, levántase a sesión ás 19:30 horas.


Dª Raquel Calleja Modia
Secretaria FEGAXA



Vº e prace:


D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA

